



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO PARA O DIA XOVES 30 DE ABRIL DE 2026

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo de 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- Día: xoves 30 de abril de 2026
- Hora: 20:00
- Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. ADQUISICIÓN POR MUTUO ACORDO DA FINCA NÚM. 2 INCLUÍDA NA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POLAS OBRAS DE "MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO NÚCLEO DE PEDREDA".
2. ADQUISICIÓN POR MUTUO ACORDO DAS FINCAS INCLUÍDAS NA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POLAS OBRAS DE REDE DE SANEAMENTO EN IRIA FLAVIA".
3. RATIFICACIÓN DO DECRETO DO ALCALDE 231/2026, DO 17 DE FEBREIRO, POLO QUE SE SOLICITA A ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS SA (SEAGA) EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.
4. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG EN RELACIÓN Á DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS E CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALIZA
5. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG EN APOIO AO SECTOR LÁCTEO GALEGO

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

6. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 401/2026 AO 486/2026.
7. MOCIÓNS DE URXENCIA.
8. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica

do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca